

Edificio Xerencia
Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel: 986 812 000
Fax: 986 812 060

xerencia.uvigo.es
xerencia@uvigo.es

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO DE 2 DE SETEMBRO DE 2013 SOBRE DÍA ADICIONAL DE CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL COA FAMILIAR E PERSOAL

A Instrución xerencial sobre calendario laboral, vacacións e días de libre disposición para o ano 2013 do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo de data 11 de marzo de 2013 recolle no apartado 6. Outros permisos, que “O día da inauguración oficial do curso académico na Universidade de Vigo os servizos permanecerán pechados, sen menoscabo de compensar en tempo de descanso ao persoal que deba prestar apoio na celebración dos correspondentes actos oficiais”.

O calendario académico do curso académico 2013-2014, aprobado no Consello de Goberno de 7 de maio de 2013, non recolle unha data para o día de inauguración oficial do curso académico na Universidade de Vigo.

Dada a referencia feita na instrución é vontade da Xerencia articular outros medios polos que o persoal de administración de servizos poida beneficiarse da posibilidade de conciliación da vida familiar e persoal que ofrece un día de descanso.

E por esta razón que a Xerencia da Universidade de Vigo dita a seguinte **INSTRUCCIÓN**:

Incrementar nun día os días de permiso que o persoal poderá gozar, segundo recolle o apartado 6.3 da Instrución citada, por razóns de conciliación da vida laboral coa familiar e persoal.



Vigo, 2 de setembro de 2013

O Xerente

Manuel Fernández Jauregui

